

Análise culturolóxica da metáfora plantosémica en español e italiano

Culturological analysis of plant metaphors in Spanish and Italian

Carmen Navarro
carmen.navarro@univr.it

Elena Dal Maso
Università degli Studi di Verona
elena.dalmaso@univr.it

Resumo: Pese a que o mecanismo de proxección metafórica se considera universal, é certo que as distintas comunidades lingüísticas producen metáforas lexicalizadas que poden, en ocasións, presentar trazos semánticos e formais diverxentes. Esta falta de correspondencia explícase supoñendo que a dimensión corpórea e cotiá da nosa existencia está flanqueada, na produción lingüística, por valores e símbolos que poden variar bastante dunha cultura a outra. Co fin de investigar a relación que se establece entre os procesos de proxección metafórica e a nosa maneira de falar, propónse no presente artigo, como metodoloxía de traballo, unha análise contrastiva e culturolóxica dunha serie de metáforas lexicalizadas españolas e italianas que se caracterizan por expresaren algúns trazos e comportamentos tipicamente humanos, e por incluíren entre os seus compoñentes internos polo menos o nome dunha planta. De aí que os obxectivos sexan, en primeiro lugar, poñer de relevo a importancia dos factores culturais e experienciais na conceptualización da realidade e na súa expresión lingüística, e en segundo lugar, detectar congruencias e diverxencias estruturais, léxicas e semánticas nas metáforas lexicalizadas do español e do italiano. De aí que sexa posible individualizar distintos niveis de equivalencia entre os respectivos sistemas fraseolóxicos.

Palabras clave: metáfora lexicalizada, cognitivismo, equivalencia semántica.

Abstract: Although the mechanism of metaphoric projection is considered to be universal, speech communities make use of lexicalized metaphors that may present diverging semantic and formal features. This lack of correspondence can be explained by assuming that language is influenced not only by the bodily and day-to-day scope of our existence but also by values and symbols which can vary significantly from one culture to another. This work presents a contrastive and cultural

Data de recepción 7.4.2013. Data de aceptación 6.7.2013.

analysis of a series of Spanish and Italian lexicalized metaphors which express types of human behaviour and human characteristics and include at least one name of a plant. The aim of the investigation is to emphasize first of all the importance of experiential and cultural factors in both the conceptualization of reality and in its linguistic representation; secondly, it shall be attempted to detect structural, lexical and semantic correspondences as well as differences among Spanish and Italian lexicalized metaphors, thus defining different levels of equivalence between the respective phraseological systems.

Key words: lexicalized metaphor, cognitivism, semantic equivalence.

1. Introducción

Nos anos 80 do século pasado, a teoría cognitivista da metáfora supuxo un cambio radical na concepción da relación entre linguaxe, sistema cognitivo, cultura e experiencia directa. Evidenciando o vínculo de mutua dependencia que se establece entre estes elementos, o cognitivismo de Lakoff e Johnson reavalía a importancia dalgúns procesos lingüísticos tradicionalmente considerados peculiares do estilo poético e retórico, entre os que destaca, pola súa universalidade, a metáfora. Como resultado, a que no pasado se definía como unha figura da linguaxe convértese agora, grazas ás ideas cognitivistas, nunha figura de pensamento, un mecanismo de expansión conceptual que produce unha proxección parcial de propiedades e trazos dun concepto básico e directo a outro máis complexo e abstracto. Expresións como *meterse en un enebro*, *echar leña al fuego* e *buscar una aguja en un pajar* demostran que este proceso intervén activamente na conceptualización da realidade e tamén na creación de metáforas lexicalizadas, é dicir, unidades pluriverbais cun significado denotativo figurado.

Aínda que o mecanismo metafórico se adoita considerar universal, é certo que as distintas comunidades lingüísticas producen metáforas lexicalizadas que poden, en ocasións, presentar trazos semánticos e formais diverxentes. Esta falta de correspondencia explícase supoñendo que a dimensión corpórea e cotiá da nosa existencia está flanqueada, na produción lingüística, por valores e símbolos que poden variar considerablemente dunha cultura a outra, de aí que na análise do universo fraseolóxico de dúas ou máis linguas sexa imprescindible adoptar unha perspectiva multidisciplinar que examine tanto os aspectos formais como a dimensión cultural da linguaxe e os procesos analóxicos que levan á produción de imaxes mentais e de conceptos estruturados en termos metafóricos¹.

A finalidade do noso traballo é, polo tanto, estudar a relación que se establece entre os procesos de proxección metafórica e a nosa maneira de falar. En concreto,

¹ Como é ben sabido, o estudo das UUFF require a intervención de numerosas disciplinas, entre as que destacan, pola súa importancia, a semántica, a lingüística cognitiva, a filosofía da linguaxe, a antropoloxía, a lingüística diacrónica e a pragmática. Todas estas disciplinas permiten analizar o conxunto fraseolóxico tomando en consideración os numerosos aspectos –formais, semánticos, icónicos, etc.– que o caracterizan e ofrecendo unha descrición que aborda tanto a dimensión cognitiva das proxeccións metafóricas subxacentes como a relación entre as UUFF de idiomas diferentes.

pretendemos presentar unha análise contrastiva e culturolóxica dunha serie de metáforas lexicalizadas españolas² e italianas que se caracterizan por expresaren algúns trazos e comportamentos tipicamente humanos, e por incluíren, entre os seus compoñentes internos, polo menos o nome dunha planta. Da mesma maneira, evidenciarase a importancia dos factores culturais e experienciais na conceptualización da realidade e na súa expresión lingüística, co fin de detectar congruencias e diverxencias estruturais, léxicas e semánticas nas metáforas lexicalizadas do español e do italiano.

Para levarmos a cabo esta análise contrastiva e culturolóxica aplicámoslle ao noso corpus³ as metodoloxías elaboradas por Iñesta e Pamies (2002), Dobrovól'skij e Piirainen (2000, 2003, 2005), Pamies (2002, 2007, 2008, 2010, 2011, 2012), que marcan un paso significativo no estudo da linguaxe figurativa, posto que completan a teoría cognitivista da metáfora ofrecendo unhas ferramentas que prestan atención á motivación e ao compoñente cultural das UUFF.

² O noso corpus de metáforas lexicalizadas limitase ao español falado na Península Ibérica e prescinde das variedades características dos países hispanofalantes de América. Da mesma maneira, seleccionamos expresións metafóricas italianas que non pertencen a ningunha fala ou dialecto marcado diatopicamente.

³ As metáforas que presentamos no presente traballo forman parte dun corpus máis amplo que se elaborou no proxecto *La metáfora lessicalizzata: meccanismo linguistico e cognitivo e processi traduttivi* da Università di Verona. O devandito corpus inclúe aproximadamente 800 metáforas lexicalizadas, todas zoomórficas, da lingua española e da italiana e apóiase en numerosos dicionarios monolingües, bilingües e fraseolóxicos, que son: o *Diccionario De Uso Del Español Actual Clave* (CLAVE) (2006); o *Diccionario de uso del español de Moliner* (1983); o *Diccionario de la Lengua Española* (DRAE), 22ª edición; o *Grande dizionario italiano dell'uso* (GRADIT) de De Mauro (2003); *Lo Zingarelli 2012. Vocabolario della lingua italiana; Il grande dizionario di spagnolo. Dizionario spagnolo-italiano, italiano-español* de Arqués e Padoan (2012); o *Dizionario spagnolo-italiano. Dizionario italiano-español* de Sañé-Schepisi (2005); o *Dizionario spagnolo-italiano. Dizionario italiano-español* de Tam (2004); o *Diccionario de dichos y frases hechas* de Buitrago (2007); o *Diccionario de fraseología española: locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español* de Cantera Ortiz de Urbina e Gomis Blanco (2007); *El porqué de los dichos* de Iribarren (1995); o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* de Seco, Andrés e Ramos (2004); o *Diccionario fraseológico del español moderno* de Varela e Kubarth (1994); *Modi di dire della lingua italiana* de Lapucci (1984); o *Dizionario dei modi di dire* de Lurati (2001); *Frases feitas* de Lurati (2001); *Dizionario dei modi di dire, proverbi e locuzioni di italiano* de Pittano (2009); o *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana. 10.000 modi di dire ed estensioni figurate in ordine alfabetico per lemmi portanti e campi di significato* de Quartu (1993); o *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana* de Sorge (2011). Ademais destas fontes lexicográficas, consultamos tamén as páxinas web dalgúns xornais españois (www.elpais.com, www.elmundo.es, etc.) e italianos (www.repubblica.it, www.corriere.it, www.ilsole24ore.com, etc.), dous sitios web que recollen córpora textuais –o CREA (<http://corpus.rae.es/creanet.html>) e Webcorp (www.webcorp.org.uk/live)–, e numerosos foros e outras páxinas web que recollen mostras de conversas coloquiais entre falantes. Todos estes recursos permitíronnos comprobar o uso efectivo das metáforas, xa que os dicionarios, sobre todo os fraseolóxicos, moitas veces recollen expresións caídas en desuso ou que os falantes consideran moi pouco usuais ou mesmo anticuadas. No presente traballo deterémonos só na análise dalgúns das expresións recollidas no corpus, en concreto as que consideramos exemplos significativos da interacción entre o noso sistema conceptual, a linguaxe e a cultura ou o coñecemento directo da realidade. Estas metáforas son: *ser como la mala hierba ~ essere come la gramigna*; *ser el perejil de todas las salsas ~ essere come il prezzemolo*; *ser una calabaza ~ essere una zucca vuota*; *non avere sale in zucca / avere poco sale in zucca*; *dar calabazas*; *avere la zucca dura*; *meterse en un berenjenal ~ mettersi in un ginepraio*; *meter / sembrar cizaña 4~ mettere / seminare zizzania*; *ponerse / estar / ser fuerte como un roble ~ essere diventare forte come una quercia*; *essere una vecchia quercia*; *ser la flor y la nata ~ ser la flor de la canela ~ essere il fior fiore*; *ser de buena cepa*; *ser de pura cepa*; *dormirse en los laureles ~ riposare sugli allori*; *llevarse la palma ~ ganar la palma / la palmeta ~ conquistare / conseguire / ottenere / riportare / meritare la palma*.

2. Supostos teóricos

É o estudo de Iñesta e Pamies, publicado no 2002, o que abre o camiño cara á profundización da teoría de Lakoff e Johnson (1980), grazas sobre todo á elaboración dunha nova nomenclatura xerarquizada e á aplicación das ideas cognitivistas á análise dun corpus multilingüe de metáforas lexicalizadas. Como é ben sabido, os dous autores engádenlles ás nocións de *dominio meta* e *dominio fonte*, xa introducidas por Lakoff e Johnson, as de *modelo icónico* e *arquimetáfora*. Esta nova ferramenta permite detectar a relación que se establece entre as expresións metafóricas, as imaxes que estas evocan e as asociacións mentais que crean unha parcial superposición entre conceptos distintos, de aí que chegue a ser posible identificar tamén as proxeccións metafóricas que se dan no noso sistema conceptual e que adoitan poñer en contacto unha noción máis abstracta con outra que procede da nosa experiencia directa ou dalgún coñecemento enciclopédico ou cultural⁴.

Outro traballo que marca un ulterior avance na análise da metáfora e do seu vínculo coa cultura e a conceptualización da realidade é a *Teoría da Linguaxe Figurativa Convencional*, elaborada por Dobrovol'skij e Piirainen (2005)⁵. O obxectivo que perseguen estes dous estudosos é, de feito, a análise da *conventional figurative language*, un conxunto do que forman parte todas as UUFF que posúen un significado figurativo no que intervén tamén a imaxe mental que as mesmas unidades evocan cos seus elementos léxicos. Para isto, elaboran unha metodoloxía que toma en consideración tanto a compoñente icónica e experiencial das metáforas conceptuais, coma a presenza, en cada cultura, de símbolos e valores específicos que poden influír na comprensión do mundo e tamén na produción das expresións figuradas. En concreto, a *Teoría da Linguaxe Figurativa Convencional* distingue tres tipoloxías de motivación detrás das distintas metáforas: a que se basea na presenza dun indicio (*index-based motivation*), a icónica (*iconic motivation*) e a simbólica (*symbol-based motivation*). Fixando a súa atención nas últimas dúas tipoloxías, Dobrovol'skij e Piirainen articulan unha nova proposta metodolóxica que se subdivide en tres clases distintas de instrumentos metalingüísticos:

1. A primeira clase é a que engloba a metalinguaxe elaborada pola teoría cognitivista da metáfora e que inclúe, polo tanto, nocións como *dominio fonte*, *dominio meta*, *proxección*, *metáfora conceptual*, etc., que facilitan a comprensión dos mecanismos metafóricos que se producen a nivel cognitivo.

2. A segunda clase de instrumentos metalingüísticos é a que procede da *Theory of Cognitive Modelling*, proposta por Dobrovol'skij e Piirainen (2005: 161-185) e que pretende completar a teoría cognitivista da metáfora mediante os conceptos de *marco*

⁴ O traballo de Iñesta e Pamies (2002: 234-252) ofrece tamén nocións moi interesantes sobre a direccionalidade da proxección metafórica e a relación entre a universalidade e a idiomaticidade. Concretamente nas metáforas analizadas no noso traballo a direccionalidade vai sempre do concreto ao abstracto e complexo pero, cando se analizan outras metáforas, pode observarse tamén un movemento na dirección oposta, coma no caso da personificación, que vai do dominio do humano ao dos obxectos inanimados.

⁵ Este novo enfoque pode considerarse como unha das formulacións máis recentes que conseguen enriquecer a concepción cognitivista e lingüística da metáfora lexicalizada.

fonte (source frame), marco meta (target frame), sub-marco (sub-frame), casiña (slot), contido da casiña (filler ou slot content), etc. Esta metalinguaxe, que permite analizar de maneira pormenorizada a proxección de estruturas, relacións e trazos dun dominio cognitivo a outro distinto, para nós, achégase moito aos modelos cognitivos idealizados (ICM) propostos xa en 1987 por Lakoff e reelaborados sucesivamente tamén por outros autores (cfr. Gibbs 1997, 2007).

3. A terceira clase é a que inclúe os medios metalingüísticos relativos á conexión entre a linguaxe figurativa convencional e a cultura nas súas distintas manifestacións semióticas; as nocións clave son, neste caso, as *de símbolo cultural (cultural symbol), de convención cultural (cultural convention), de códigos simbólicos (symbolic codes), de funcións simbólicas (symbolic functions), de dominio simbólico (symbolic domain)*, etc. Esta nomenclatura pon de relevo o papel que a cultura xoga no significado das unidades figurativas convencionais, en todas as súas manifestacións, a partir da cultura material ata chegar á interacción social, a intertextualidade e a simboloxía.

Da mesma maneira, Pamies, nos seus estudos máis recentes (2007, 2008, 2010, 2011, 2012), destaca que “los enfoques basados en la TCM⁶ ayudan a detectar grandes rasgos universales en los procesos metafóricos, mientras que el estudio del componente cultural permite resaltar y comprender lo específico de cada uno de ellos” (2007: 376). De aí que sexa necesario tomar en consideración ambos aspectos para poder recoñecer os trazos experienciais e/ou culturais que caracterizan a expansión léxica mediante proxeccións de tipo metafórico. Ademais da noción de metáfora conceptual, Pamies (2007: 377) analiza tamén os *culturemas*, que define como referentes culturais extralingüísticos, dado que “no son necesariamente verbalizados, y cuando lo son, ello ocurre siempre a posteriori, mediante una *doble codificación*, en el sentido lotmaniano, ya que la semiotización lingüística se superpone a una simbolización extra lingüística previa (cfr. Lotman et al. 1979)”⁷.

As achegas que lembramos brevemente neste apartado marcan un camiño progresivo dos estudos cognitivistas cara ao recoñecemento do papel esencial que representan na nosa linguaxe figurativa e no noso sistema conceptual os factores experienciais e culturais. Estes, como xa se evidenciou, poden intervir en metáforas diferentes ou chegar a confundirse nunha motivación simultaneamente icónica e simbólica. Convencidos da utilidade dun estudo que profunde nestes aspectos da creatividade metafórica, propoñemos a análise dalgunhas das expresións que forman parte do noso corpus, para podermos detectar así a orixe experiencial e/ou cultural que estas poden presentar e

⁶ Teoría cognitiva da metáfora.

⁷ O seu estudo das UUFF sobre a curuxa, por exemplo, subdivídese en dúas partes: unha parte dedicada á análise das metáforas conceptuais que latexan nas unidades que vehiculan trazos humanos ou ideas abstractas mediante a referencia a observacións directas e coñecementos supostamente fiables e obxectivos (como OLLOS GRANDES E FIXOS, VISIÓN NOCTURNA, SOIDADE, VORACIDADE, etc.); e outra na que o interese do estudoso se centra nos valores que as distintas culturas lle atribúen á imaxe da curuxa e que son o froito da sabeduría popular ou de crenzas e lendas antigas.

para podermos observar a existencia de símbolos ou imaxes mentais compartidas pola cultura española e a italiana.

3. O reino vexetal na linguaxe figurativa

Os nomes de plantas, flores e froitos, igual que os somatismos e os termos relativos ao mundo animal, realizan unha función moi importante nos procesos de conceptualización. Iso débese a que se trata dunha esfera da realidade coa que os seres humanos temos un contacto estreito e constante, de aí que a sabedoría sobre as demais formas de vida poida utilizarse de maneira proveitosa á hora de expresar conceptos abstractos e menos intuibles. Lémbrese que, maiormente no pasado, a poboación agrícola era preponderante porque a maioría da xente vivía do campo e no campo e tiña un coñecemento moi extenso das plantas, as flores e os froitos, posto que estes elementos vexetais formaban parte da súa realidade cotiá e constituían unha fonte privilexiada de traballo e comida. Como resultado, moitos aspectos do ser humano atópanse asociados metaforicamente ao reino vexetal e ao mundo agrícola, que na sociedade española e na italiana presenta ritmos e características moi parecidas, se cadra por unha cuestión de proximidade xeográfica e cultural. Deste feito deriva a presenza, no universo fraseolóxico destas dúas comunidades, de metáforas lexicalizadas nas que se observa unha proxección dende o dominio fonte do mundo vexetal cara a outros dominios meta máis articulados ou complexos, como por exemplo o do ser humano e dos seus comportamentos e estados de ánimo.

A pesar da súa difusa presenza nas UUFF de moitas linguas, as metáforas plantosémicas non foron, ata este momento, obxecto de análise profunda nin por parte dos estudos cognitivistas nin no ámbito da lingüística contrastiva. Se a isto engadimos os valores e símbolos que cada comunidade lle asocia aos compoñentes do reino vexetal, e que poden variar considerablemente ao pasar dunha cultura a outra, é doado deducir a importancia que supón un estudo das relacións metafóricas –culturais e/ou experienciais– que vinculan plantas, flores e froitos aos seres humanos. Verbo disto, coidamos moi interesantes as tres observacións que fan Dobrovól'skij e Piirainen (2005) cando estudan a metáfora zoomórfica e que, na nosa idea, son aplicables tamén ao estudo conceptual e contrastivo da metáfora plantosémica:

1. A primeira observación ten que ver co grao de familiaridade das unidades figurativas convencionais comparadas: porque non é certo que expresións moi parecidas pero de linguas distintas sexan coñecidas e utilizadas coa mesma frecuencia nas respectivas comunidades. Nalgúns casos, de feito, pode que unha destas unidades caese en desuso ou que lles soe obsoleta aos falantes de hoxe en día (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 325): por exemplo, as locucións *meterse en un berenjenal* e *cacciarsi in un gineprajo* significan ambas as dúas “meter(se) en un asunto o situación complicados y dificultosos” (Seco), “mettersi in una situazione difficile e intricata da cui si esce solo con danno e fatica” (Lapucci), pero o uso da expresión española é, na actualidade, bastante frecuente, mentres que o equivalente italiano se utiliza moi pouco.

2. A posibilidade de interpretar algunhas expresións tanto a partir dos símbolos como da observación directa (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 325) é outra cuestión que non deixa de presentar dúbidas clasificatorias, dado que nalgúns casos ambas alternativas son posibles e por iso “the psychological reality of these alternatives can only be described in terms of individual linguistic and cultural competence” (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 326). Na nosa idea, aínda así, o feito de que unha determinada unidade poida ter unha base experiencial e/ou cultural non constitúe un problema, dado que entre estas dúas fontes do coñecemento humano non existe unha oposición senón máis ben un *continuum* que pode concretarse na copresenza das dúas explicacións. No caso de *apartar / separar el grano de la paja e dividere il grano dalla zizzania*⁸, por exemplo, as alusións bíblicas e a observación directa mestúranse nun único espazo semántico que xera unha imaxe clara e inmediata.

3. A última observación aféctalle, en cambio, á natureza dos símiles, que “differ from other types of idioms in so far as they display no real meaning shift because they are based on an explicit comparison” (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 326). En moitos casos, “the ‘right part’ of the simile, i.e. the comparandum with the particles *as* or *like*, expresses intensification, to be interpreted semantically as ‘very’, ‘much’, or ‘big’” (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 326); aínda así, cómpre destacar tamén que noutras ocasións a asociación dunha determinada propiedade a un vexetal ten unha base cultural e non obxectiva, polo que resulta conveniente atribuírle ao símil en cuestión un valor simbólico e non só enfático (Dobrovól'skij e Piirainen 2005: 326). *Ser como la mala hierba / essere come la gramigna* son dous exemplos da asociación convencional e cultural que se pode producir entre un elemento vexetal e un concepto máis articulado e abstracto: neste caso específico, o comportamento molesto dunha persoa indiscreta, que se mete onde non debe e que se preocupa por asuntos alleos⁹.

4. Análise conceptual, culturolóxica e contrastiva da metáfora plantosémica

As ferramentas metodolóxicas que comentamos nos apartados anteriores ofrécennos un útil instrumento para o estudo da metáfora plantosémica, dado que nos permiten revelar a motivación que se esconde tras este tipo de UF e a súa orixe experiencial e/ou cultural. En concreto, coa observación atenta dos dominios fonte e meta, e coa análise das imaxes subxacentes e dos símbolos culturais que interveñen no noso sistema de coñecementos, puidemos observar que os vexetais interveñen nas dúas culturas para expresarmos de

⁸ As dúas expresións proceden da parábola evanxélica do trigo e o xoio (Mt. 13, 24-30), pero pódense considerar tamén o resultado da observación directa da realidade, posto que para obter fariña de boa calidade cómpre separar o trigo do xoio.

⁹ Xunto con estas cuestións, hai que engadir tamén outra observación de carácter lexicográfico relativa á lematización das metáforas lexicalizadas nos dicionarios monolingües, bilingües e fraseolóxicos. Consultando algunhas obras como por exemplo, o DRAE, o CLAVE, Moliner, o GRADIT, Zingarelli, Tam, Seco, Varela, Pittano, Sorge, etc., observamos a presenza de numerosas imprecisións semánticas e formais así como a lematización dalgúns expresións metafóricas caídas en desuso, sen ningunha marca que indique o seu estado arcaico dende un punto de vista sincrónico da lingua en cuestión.

maneira figurada moitos aspectos da personalidade e do comportamento humano. Algúns destes posúen unha connotación positiva (por exemplo, o feito de sobresaír ou de ser forte fisicamente), outros negativa (como a habilidade para acrecentar unha discusión ou un problema). Da mesma maneira, en certos casos a motivación das expresións pode ser exclusivamente cultural, noutros, en cambio, pode derivar dos coñecementos, máis ou menos directos, que temos do mundo vexetal ou ser o resultado tanto de factores culturais como experienciais.

Cando, por exemplo, unha persoa é moi cargante e aparece en lugares ou situacións nos que a súa presenza resulta molesta, dise, en español, que *es como la mala hierba*, e en italiano que *è come la gramigna*. Nos dous casos faise referencia a plantas de dimensións reducidas que medran espontaneamente nos xardíns e no campo, substituindo pouco a pouco a progresión dos cultivos. A imaxe que evocan as dúas metáforas é, polo tanto, a dunha presenza inoportuna, algo innecesario, anoxoso e mesmo irritante. Dende un punto de vista contrastivo, estas dúas locucións comparten o mesmo significado e unha estrutura idéntica; a única diverxencia que se observa é de natureza léxica (*mala hierba / gramigna*), de aí que se poidan considerar un caso de equivalencia formal parcial.

Outro exemplo no que o mundo vexetal intervén no universo fraseolóxico español e italiano ten que ver co pirixel, que nas dúas culturas representa simbolicamente a persoa que está metida en moitos asuntos e está presente en calquera lugar ou evento, maiormente para informarse das cousas dos outros. As metáforas *ser el perejil de todas las salsas* e *essere come il prezzemolo* aluden, de feito, a “la persona que figura en todas partes o interviene en todos los asuntos” (Seco), que adoita “mettersi sempre di mezzo, intrufolarsi ovunque, intromettersi in tutto” (Quartu). Tamén neste caso, a motivación que podemos individuar detrás destas expresións procede da experiencia cotiá, posto que o pirixel é unha planta herbácea empregada a miúdo na cociña española e na italiana como condimento. As dúas metáforas posúen, ademais, un matiz despectivo e o seu uso enfatiza sobre todo o desexo de coñecer asuntos alleos. No tocante á forma citativa, obsérvanse algunhas diferenzas que lles afectan tanto aos compoñentes léxicos como á estrutura, aínda que o significado global coincida totalmente. Falaremos, polo tanto, dunha equivalencia formal parcial.

Dentro do conxunto das metáforas plantosémicas atópanse tamén algunhas expresións que aluden á cabaza como símbolo de pouca intelixencia e capacidade de razoar. En español pódese dicir, de feito, que unha persoa *es una calabaza*, o que corresponde ao italiano *essere una zucca vuota*. Nos dous idiomas, a referencia á cabaza débese a que este produto vexetal, redondo e normalmente de grandes dimensións, que polo seu aspecto pode asociarse á cabeza humana, adoitaba, na antigüidade, baleirarse e empregarse como recipiente para gardar sobre todo sal ou auga; de aí que a partir da metáfora conceptual O CORPO HUMANO É UN RECIPIENTE a cabaza se relacione coa cabeza baleira dunha persoa torpe e inepta. Como resultado, a cabaza adquire nas dúas culturas unha connotación negativa e as metáforas nas que aparece empréganse en moitas ocasións como aldraxes dirixidas a quen ten pouco xuízo e é pouco intelixente. Dende o punto de vista formal, as expresións que mencionamos, aínda compartindo o mesmo significado

denotativo e a mesma imaxe subxacente, presentan algunhas diverxencias estruturais e léxicas, polo que haberá que consideralas un caso de equivalencia formal parcial.

Da mesma maneira, nas dúas linguas o substantivo *calabaza* forma parte tamén doutras metáforas; en italiano, por exemplo, unha persoa de pouco xuízo, cun comportamento que demostra certa falta de raciocinio, defínese como alguén que *ha poco sale in zucca* ou que *non ha sale in zucca*. Esta locución, aínda así, non alude á cabaza fresca, senón que fai referencia, segundo o que sostén Lapucci, a “la zucca disseccata, vuota di semi e aperta da capo o nella pancia, entro la quale sogliono le massaie poverelle tenere il sale” (P. L. di Vassano)¹⁰. A esta expresión correspóndelle, en español, (*ser*) *un cabeza de chorlito*, que o DRAE define como “una persona ligera y de poco juicio” e Varela como unha “persona ligera y alocada”. Ambas metáforas son moi produtivas na actualidade e representan un caso de equivalencia semántica, posto que comparten o mesmo significado denotativo pero difiren na imaxe subxacente, na estrutura e nos compoñentes léxicos.

O español conta, ademais, con outra expresión plantosémica que é *dar calabazas a alguien*. En Varela e noutros dicionarios, esta locución asóciase a dúas acepcións distintas, “suspender a alguien / ser suspendido por alguien en un examen” e “rechazar a alguien / ser rechazado por alguien en sus pretensiones amorosas”. A primeira acepción pode ser que derive do costume antigo que consistía en aprender a nadar empregando as cabazas como flotadores; estas deixábanse despois na beira do río cando unha persoa empezaba a nadar autonomamente¹¹. *Dar calabazas* quere dicir, polo tanto, que alguén aínda non acadou o obxectivo preestablecido, precisamente como un estudante que non aproba un exame. A segunda acepción remonta, en cambio, á crenza dos antigos gregos de que a cabaza era un antiafrodisíaco. Na Idade Media, da mesma maneira, as pebidas de cabaza empregábanse nas contas do rosario para afastar os pensamentos impúdicos. A esta expresión, moi usual na fala cotiá, non corresponde ningunha UF italiana que vehicule ambas acepcións, de aí que se poida afirmar que se trata dun caso de equivalencia nula¹².

¹⁰ Este dicionario engade tamén que “il detto potrebbe fare riferimento anche alla cerimonia del battesimo, durante la quale viene posto sul capo del bambino il sale benedetto con la formula Accipe sal sapientiae (“recibe o sal da sabedoría”).

¹¹ Buitrago confirma esta hipótese e sostén que antigamente as cabazas “se usaban como flotadores”. En Iribarren cítase, en cambio, un fragmento do Alfabeto Tercero de Francisco del Rosal, no que a locución *dar / traer calabazas* se asocia á pouca importancia atribuída á cabaza mesma: *Dicen que trae calabazas al que le sale la esperanza vana. Dice con aquella antigüedad que cuenta Pierio (libro 58) que la calabaza fue jeroglífico de la esperanza frustrada y engaño acerca de los onocritas, por ser la calabaza barriguda, vacía y de poco seso* (1995:49). Correas ([1627]1967: 155), verbo da cabaza, recolle a expresión *echar la calabaza / las calabazas* para indicar que unha persoa pode facer algo sen ningún tipo de axuda, como os que abandonan as cabazan para nadar sen elas. *Llevar calabazas y espigón en el rabo* dise dos que non saen aprobados nos exames (Correas ([1627]1967: 755).

¹² No tocante á segunda acepción, son bastante frecuentes, en italiano, as locucións *dare un due di picche* e *ricevere un due di picche*, que aluden respectivamente ao feito de rexeitar un pretendente e de ser rexeitados pola persoa querida.

En italiano, outra metáfora que inclúe o substantivo cabaza é *avere la zucca dura*, que se emprega para describir unha persoa testana, obstinada e difícil de convencer. No caso de *avere poco sale in zucca*, a cabaza representa a cabeza do ser humano; o feito de que a parte exterior deste vexetal sexa moi dura facilita a súa asociación con quen é testán e non cambia de idea polas boas, demostrando así pouca flexibilidade e abertura cara ás ideas dos outros. Esta expresión equivale, en español, á metáfora zoomórfica *ser terco / tozudo como una mula* e *ser más terco / tozudo que una mula*, cun significado que é precisamente ser “muy terco” (Varela), “muy cabezota” (Buitrago). Como as dúas expresións difiren tanto na estrutura como no léxico e nas imaxes que evocan, poden considerarse un exemplo de equivalencia semántica.

Tamén a noción de dificultade se expresa, nas dúas linguas, mediante a referencia ao mundo vexetal. Cando unha persoa se mete nunha situación difícil e complicada, da que é probable que saia con danos e consecuencias negativas, utilízase, en español, a locución *meterse en un berenjenal*, e en italiano o equivalente *cacciarsi / mettersi in un gineprajo*. Aínda que nunha lingua se evoca un campo de berenxenas e noutra un campo de xenebreiros, a imaxe subxacente pódese considerar moi semellante, posto que se trata, nos dous casos, de zonas poboadas por moitas plantas da mesma clase e onde é dificultoso moverse con axilidade. Tanto a berenxena como o xenebreiro caracterízanse, ademais, polas súas follas grandes e punzantes, o que determina a asociación metafórica destas dúas plantas coas situacións complicadas e espiñosas. Como xa sinalamos anteriormente, o uso da expresión italiana, aínda así, é bastante reducido hoxe en día, a diferenza do seu equivalente español que segue utilizándose con frecuencia na fala cotiá e tamén nos recursos en liña. Posto que estas dúas metáforas comparten o mesmo significado e a mesma estrutura, podemos consideralas un caso de equivalencia formal parcial, ao presentaren só unha diverxencia de tipo léxico (*berenjenal / gineprajo*).

Outras metáforas relacionadas cun comportamento humano que podemos considerar negativo son as que teñen como núcleo a voz *cizaña* (xoio), que aluden, nas dúas linguas, ás nocións de discusión, discordia, desacordo, polémica, altercado, etc. Como resultado, dicir que *alguien mete / siembra cizaña* ou que *qualcuno semina zizzania* significa que pretende entorpecer unha relación creando un clima de conflito que non facilita a colaboración nin a confianza mutua. No tocante á orixe destas locucións, a imaxe subxacente das dúas procede das Sagradas Escrituras: a asociación do xoio á discordia e ao desacordo remonta, de feito, a unha parábola de Xesús recollida no Novo Testamento (Mt. 13, 24-30), na que se narra que:

El reino de los cielos es semejante a un hombre que sembró buena semilla en su campo; pero mientras dormían los hombres, vino su enemigo y sembró cizaña entre el trigo, y se fue. Y cuando salió la hierba y dio fruto, entonces apareció también la cizaña. Vinieron entonces los siervos del padre de familia y le dijeron: Señor, ¿no sembraste buena semilla en tu campo? ¿De dónde, pues, tiene cizaña? Él les dijo: Un enemigo ha hecho esto. Y los siervos le dijeron: ¿Quieres, pues, que vayamos y la arranquemos? Él les dijo: No, no sea que al arrancar la cizaña, arranquéis también con ella el trigo. Dejad crecer

juntamente lo uno y lo otro hasta la siega; y al tiempo de la siega yo diré a los segadores: Recoged primero la cizaña, y atadla en manojos para quemarla; pero recoged el trigo en mi granero.

Esta metáfora responde tamén á sabedoría popular segundo a que o xoio é unha planta gramínea que medra espontaneamente xunto ao trigo e que ten unha semente que produce fariña velenosa. Debido a isto, a súa presenza nas terras sementadas pode prexudicar a produción da máis prezada fariña de trigo. Destes coñecementos experienciais deducimos, polo tanto, que sementar xoio quere dicir introducir un elemento daniño que obstaculiza o éxito dalgún proxecto ou o desenvolvemento dunha relación positiva entre persoas, de aí que a devandita metáfora poida ser o resultado tanto da experiencia directa como do valor simbólico que esta planta adquiriu na relixión cristiá. Dende o punto de vista formal, entre o español e o italiano obsérvase unha coincidencia total no tocante aos elementos léxicos e á estrutura das dúas locucións; ao compartiren, ademais, o mesmo significado global poden considerarse un exemplo de equivalencia total. O uso na fala cotiá é moi recorrente, e as variantes que os falantes adoitan empregar con maior frecuencia son *meter cizaña* e *mettere zizzania*.

Tanto na cultura española como na italiana os vexetais non evocan só trazos e comportamentos humanos negativos. *Ponerse / estar / ser fuerte como un roble*, por exemplo, emprégase a miúdo para describir unha persoa moi forte e que goza de boa saúde. En italiano tamén se usa *essere / diventare forte come una quercia*, que ten un significado e unha estrutura que coinciden totalmente cos da expresión española. Sendo o carballo unha árbore perenne moi resistente, cunha madeira compacta e dura, é fácil intuír a orixe experiencial das dúas locucións, maiormente se temos en conta a presenza desta planta en case todo o territorio español e en numerosas rexións de Italia. En italiano, ademais, a imaxe de *una vecchia quercia* (literalmente “un carballo vello”) alude metaforicamente a unha persoa vella pero que segue mantendo unha constitución forte e robusta ou que continúa a representar un punto de referencia moral, comportamental, etc., para os máis novos.

Do mundo vexetal chégannos tamén imaxes que describen metaforicamente os seres humanos dignos de estima e aprecio. Cando unha persoa, por exemplo, encarna “lo mejor o más distinguido” (Seco) dunha comunidade ou un grupo, dise, en español, que *es la flor y la nata* ou *la flor de la canela*, e en italiano, que *è il fior fiore*. A noción de excelencia exprésase, por conseguinte, nestas tres locucións, mediante a referencia ás flores, que representan se cadra a etapa esteticamente máis fermosa do ciclo vital e reprodutor das plantas. Dende o punto de vista formal, estas expresións presentan algunhas diverxencias que lle afectan á estrutura e aos compoñentes léxicos, polo que haberá que clasificalas como un exemplo de equivalencia parcial no que coincide totalmente só o significado global. En español, da mesma maneira, alguén ou algo que sobresa e se considera o mellor do mellor pode definirse *como canela fina / en rama*.

En español emprégase tamén a expresión *ser de buena cepa* para subliñar a boa calidade ou a boa orixe de persoas ou cousas (por exemplo, un viño de boa cepa); en cambio,

utilízase *ser de pura cepa* cando se quere poñer de relevo que alguén ten os caracteres propios e auténticos da clase na que se encaixa: dirase, polo tanto, que alguén *es un andaluz de pura cepa, un riojano de pura cepa*, etc. A estas expresións, aínda así, non podemos asociar ningunha UF italiana; o mesmo significado transmítese, de feito, só grazas a adxectivos como *buono, autentico, doc*¹³, ou a sintagmas adxectivais como *di qualità*. Falaremos, neste caso, de equivalencia nula, posto que a unha metáfora lexicalizada dunha lingua non lle corresponde unha unidade do mesmo tipo na outra.

Nas dúas comunidades destacamos tamén o uso dalgunhas locucións cunha orixe que se remonta a feitos e costumes antigos, relacionados sobre todo coa cultura grecorromana. Por exemplo, *dormirse en los laureles / riposare sugli allori* é unha metáfora cultural, cun significado que é “descuidarse o abandonarse en la actividad emprendida, confiando en los éxitos que ha logrado” (DRAE), “abandonarse o cesar en un esfuerzo después de haber conseguido un triunfo” (Moliner). O feito de que a cultura española e a italiana fagan referencia aos loureiros para expresar o cesamento ou a diminución dos esforzos e a actitude relaxada que se adoita adoptar despois dalgún éxito atopa a súa orixe na antigüidade grega, cando os loureiros se consideraban o símbolo da vitoria. De feito, entregábaselles a coroa de loureiro aos vencedores de probas atléticas ou competicións poéticas e tamén a emperadores ou militares vitoriosos. Deste costume deriva a asociación, que chegou ata os nosos días, do loureiro coa gloria e o poder. No tocante ao grao de equivalencia que se establece entre a locución española e a italiana, obsérvase unha correspondencia semántica total, posto que tamén en italiano denota unha persoa que “rimane inoperosa accontentandosi dei successi ottenuti” (GRADIT). Nótase, aínda así, o uso de verbos diferentes –*dormirse* en español, *riposare* (descansar) en italiano– e a presenza de preposicións distintas –*en* en español, *su* en italiano– polo que falaremos dunha equivalencia formal parcial. O uso da locución española na fala cotiá e nas fontes dixitais é moi abundante, como pode comprobarse tamén na prensa online, mentres que *riposare sugli allori*, aínda sendo bastante usual, non ten a mesma produtividade.

Outro exemplo de metáfora cultural son as expresións *llevarse la palma e conquistare / conseguire / ottenere / riportare / meritare la palma*, cun significado que é “ser el mejor o el más alabado en cualquier cosa” (Moliner), “sobresalir, llevar el primer premio, vencer” (Varela), “conseguire un successo, una vittoria, un trionfo, e in particolare vederselo riconoscere con l’attribuzione di un premio o simili” (Quartu). Coma na parella anterior, tamén aquí é probable que a orixe desta metáfora proceda do mundo grecorromano, no que se adoitaba entregarlles aos vencedores loureiros ou palmas para honralos e distinguilos dos perdedores¹⁴. As pólas destas plantas foron empregadas,

¹³ [N. de ed.] *doc* é unha palabra italiana xa común, nacida dunha sigla D[enominazione di] O[rigine] C[ontrollata] que se aplica a produtos alimenticios con denominación de orixe (un Chianti doc) e que se foi estendendo metaforicamente a outras realidades co significado de “auténtico, xenuíno” (milanesi doc, intelletuale doc), ou ben “de moita calidade ou mérito” (un film doc). Véxase ZIN. s.v. doc.

¹⁴ Quartu confirma que a locución italiana significa *conseguire un successo, una vittoria, un trionfo, e in particolare vederselo riconoscere con l’attribuzione di un premio o simili* e que *il ramo di palma era simbolo della vittoria già presso Greci e Romani*.

ademais, polos israelitas cando Xesucristo, o Domingo de Ramos, entrou en Xerusalén para dar inicio á súa paixón¹⁵; tamén neste caso, o uso das palmas e dos loureiros débese ao seu valor simbólico. Destes costumes derivan, como vimos, algunhas metáforas que forman parte dos acervos fraseolóxicos das linguas románicas e que se caracterizan por un alto grao de equivalencia interlingüística. Ás dúas metáforas que mencionamos, habería que engadir tamén *ganar la palma / la palmeta*, cun significado que é bastante complexo posto que, dependendo do contexto, pode aludir a tres feitos distintos: “1) Dicho de un niño: llegar a la escuela antes que los demás, con lo que ganaba el privilegio de aplicar a los otros el castigo con la palmeta; 2) Llegar antes que otra [persona] a una parte; 3) Anticiparse a otra [persona] en la ejecución de algo” (DRAE). Estas tres acepcións describen a quen sobresaie ou a quen se anticipa aos outros pero a súa orixe, como confirman o DRAE e outras fontes, non remonta á antigüidade grecorromana senón que ten que ver co costume moi difundido nas escolas, nas décadas pasadas, de empregar a palma para castigar os alumnos desobedientes ou torpes¹⁶. Neste caso, por conseguinte, estamos ante un exemplo de parcial superposición, no que os significados de dúas metáforas españolas moi parecidas dende o punto de vista estrutural e icónico solápanse pero sen chegar a coincidir de todo. En italiano, ademais, a motivación de *conquistare / conseguire / ottenere / riportare / meritare la palma* está relacionada co valor simbólico antigo que posuía esta planta, mentres que non se asocia nunca ao uso da palma como instrumento de castigo, a pesar de que tamén neste país existía este costume. Debido a isto, podemos afirmar que existe unha coincidencia total entre *llevarse la palma* e *conquistare / conseguire / ottenere / riportare / meritare la palma*, e que a estas dúas metáforas lles corresponde, pero só parcialmente, a locución *llevarse la palma*, cun significado máis amplo que o das outras dúas expresións. Polo que se refire ao uso, todas estas unidades adoitan empregarse con frecuencia; en italiano, en particular, as variantes máis usuais son *conquistare / ottenere / meritare la palma*. Da

¹⁵ Queremos lembrar que na simboloxía cristiá a palma simboliza tamén o martirio e asóciase polo tanto aos mártires e a todos os que morreron para defender a súa fe. En La Enciclopedia Católica online sostense, en efecto, que *en la época pre-cristiana la palma fue considerada como un símbolo de victoria* (Aulo Gelio, *Noctes Atticae*, III, VI). *Fue adoptado por los primeros cristianos, y se convirtió en símbolo de la victoria de los fieles sobre los enemigos del alma. La palma, dice Orígenes (In Joannem, XXXI), es el símbolo de la victoria en esa guerra librada por el espíritu contra la carne. En este sentido, se aplicó especialmente a los mártires, los vencedores par excellence sobre los enemigos espirituales de la humanidad; de ahí la frecuente aparición en las Actas de los Mártires de expresiones tales como que recibió la palma del martirio* [http://ec.aciprensa.com/wiki/Palma_en_el_simbolismo_cristiano].

¹⁶ Verbo da orixe da expresión, nas varias fontes dixitais consultadas afirmase que no pasado os mestres de escola tiñan sempre a man un instrumento de cana, con forma de palma, como as que se usaban para sacudir alfombras, co fin de impoñer disciplina na aula. Era a temida palmeta. En ocasións, o mestre cedíalle a algún dos seus alumnos o “privilexio” de aplicar un castigo de palmeta a un dos seus compañeiros. Esta sinistral práctica exemplifica moi ben un dos truísmos clásicos do opresor, é dicir, a súa habilidade para reclutar utilísimos colaboradores entre os oprimidos, sen os que a opresión atoparía obstáculos enormes para perpetuarse. Abonda pensar nos cárceres ou nos campos de concentración. Este “privilexio” de conseguir a palma, palmeta ou palmatoria para castigar sadicamente a un compañeiro outorgábaselle ao máis madrugador dos escolares, ao que primeiro chegaba ás clases do día. De aquí ven a expresión “llevarse la palma”. [<http://joludi.tumblr.com/post/39205051426/llevarse-la-palma-leo-ayer-en-un-un-periodicola>] e [<http://blogs.20minutos.es/yaestaellistoquetodosabe/tag/ganarse-la-palmeta/>] [Data de consulta: 07.03.2013].

mesma maneira, consultando os recursos en liña observamos que a miúdo, nas dúas linguas, faise referencia á palma para aludir ironicamente a quen a gaña por ser o peor¹⁷.

5. Conclusións

Co presente traballo intentamos botar algo de luz sobre un dos fenómenos máis debatidos e actuais en ámbito lingüístico e filosófico, referímonos ao fío invisible que une a nosa maneira de falar cos procesos cognitivos de conceptualización e o saber humano procedente da observación directa e da cultura. Nesta rede intrincada de relacións, a metáfora interpreta un papel esencial, posto que é un dos mecanismos cognitivos que permite crear un contacto entre coñecementos de tipo distinto e producir, a partir deste contacto, novas concepcións da realidade e de nós mesmos que se reflicten tamén na linguaxe. Precisamente o desexo de descubrir o que se agocha detrás das expresións metafóricas que usamos a cotío levounos a realizar a análise conceptual, culturolóxica e contrastiva que acabamos de presentar, na que tomamos en consideración dúas linguas afíns que se adoitan considerar moi parecidas tamén na súa fraseoloxía.

En particular, dos datos que presentamos podemos deducir que en español e italiano existen metáforas lexicalizadas que coinciden total ou parcialmente debido a algún coñecemento experiencial ou cultural compartido por ambas comunidades, pero que ademais destas expresións, as dúas linguas escollen en ocasións dominios fonte ou imaxes distintas para aludiren ao mesmo concepto, por razóns que poden ser relativas ao estilo de vida ou ao pasado das dúas comunidades. Nas metáforas lexicalizadas que analizamos os vexetais interveñen, de feito, como símbolos relacionados cunha visión do mundo específica ou ben como elementos da realidade cotiá. O grao de proximidade que caracteriza a relación entre as dúas comunidades en cuestión, así como a existencia de valores e coñecementos culturais compartidos, determina a presenza, nos dous sistemas fraseolóxicos considerados, dun número consistente de metáforas lexicalizadas idénticas ou moi semellantes (*meter cizaña / mettere zizzania; ser el perejil de todas las salsas / essere come il prezzemolo*). Outras expresións permiten observar, en cambio, algunhas diverxencias na conceptualización da realidade que lle afectan tamén á dimensión lingüística, coma no caso de *ser un cabeza de chorlito e non avere sale in zucca*, que son totalmente equivalentes dende o punto de vista semántico pero que evocan dúas imaxes e dúas entidades distintas (no primeiro caso un animal, e no segundo un vexetal). Isto confirma unha vez máis o vínculo da fraseoloxía co saber que deriva do contacto directo co mundo e o poder, non sempre perceptible, que exerce a cultura no

¹⁷ En ABC, por exemplo, un artigo leva este título: “Galicia se lleva la palma en siniestralidad laboral con un incremento de cerca del 3%” [http://www.abc.es/hemeroteca/historico-20-10-2005/abc/Galicia/galicia-se-lleva-la-palma-en-siniestralidad-laboral-con-un-incremento-de-cerca-del-3_611683874436.html]. E en Huelva Información (3.2.2009) Henrique Morán titula o seu artigo: “Urgencias se lleva la palma en denuncias de usuarios, que han crecido este año” [<http://www.huelvainformacion.es/articulo/huelva/341046/urgencias/se-lleva-la-palma/denuncias/usuarios/han/crecido/este/ano.html>]. De maneira semellante, en La Repubblica lese, nun artigo de Carlo Verdelli, que “Tra il 2008 e il 2012, il governo Berlusconi ha privilegiato altre emergenze, conquistando così la palma di Paese europeo col più alto spread tra aiuti promessi e promesse mantenute” [<http://ricerca.repubblica.it/repubblica/archivio/repubblica/2013/02/19/litalia-che-ignora-lempio-bill-gates.html?ref=search>].

noso sistema conceptual. O influxo non sempre evidente destes coñecementos pódese detectar tamén nas expresións máis transparentes e non motivadas culturalmente: ¿por que, por exemplo, en español se di *meterse en un berenjenal* e en italiano *cacciarsi in un gineprajo*? ¿E cales son as razóns que determinaron a fixación da locución *dar calabazas* en español pero non en italiano? A falta de correspondencias explícase precisamente a partir do papel de filtro que desempeña a sabedoría idiosincrásica de cada comunidade lingüística. Disto dedúcese que non sempre a aparente semellanza entre dúas linguas implica automaticamente a congruencia total das súas unidades nin das imaxes que subxacen tras estas, o que pon de manifesto á súa vez a necesidade de profundar no estudo da metáfora lexicalizada adoptando unha perspectiva cognitivista e tamén contrastiva.

6. Referencias bibliográficas

6.1. Bibliografía primaria

- ARQUÉS, Rossend e PADOAN, Adriana (2012): *Il grande dizionario di spagnolo. Dizionario spagnolo-italiano, italiano-español.* Bologna: Zanichelli.
- BUITRAGO, Alberto ([2007]2009): *Diccionario de dichos y frases hechas.* Pozuelo de Alarcón (Madrid): Espasa Calpe.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús e GOMIS BLANCO, Pedro (2007): *Diccionario de fraseología española. Locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español.* Madrid: Abada Editores.
- CORREAS, Gonzalo ([1627]1967): *Vocabulario de refranes y frases populares. Texte établi, annoté et présenté par Louis Combet.* Bordeaux : Institut d'Etudes Ibériques et Ibéro-Américaines de l'Université.
- DE MAURO, Tullio (1999; 2003): *Grande Dizionario Italiano dell'Uso* (Gradit). Torino: Utet.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española* (Drae). Madrid: Real Academia Española-Espasa Calpe, 22ª edición [www.rae.es].
- EDICIONES SM (2006): *Diccionario De Uso Del Español Actual Clave* (Clave), Madrid: Ediciones SM.
- IRIBARREN, José María (1995): *El porqué de los dichos: sentido, origen y anécdota de los dichos, modismos y frases proverbiales de España con otras muchas curiosidades.* Pamplona: Gobierno de Navarra.
- LAPUCCI, Carlo (1969 / 1984): *Modi di dire della lingua italiana.* Florencia: Valmartina Editore.
- LURATI, Ottavio (2001): *Dizionario dei modi di dire.* Milano: Garzanti.
- MOLINER, María (1983): *Diccionario de uso del español.* Madrid: Editorial Gredos.
- PITTANO, Giuseppe (2009): *Frase fatta capo ha. Dizionario dei modi di dire, proverbi e locuzioni.* Bologna: Zanichelli.
- QUARTU, B. Monica (1993): *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana. 10.000 modi di dire ed estensioni figurate in ordine alfabetico per lemmi portanti e campi di significato.* Milano: RCS Rizzoli Libri S.p.A.

- SAÑÉ, Secundí e SCHEPISI, Giovanna (2005): *Dizionario spagnolo-italiano. Dictionario italiano-español*, Bologna: Zanichelli.
- SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino ([2004]2005): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Santillana Ediciones Generales, S. L.
- SORGE, Paola (2011): *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana*. Roma: Newton Compton Editori.
- TAM, Laura (2004): *Dizionario spagnolo-italiano, Dictionario italiano-español*. Milano: Hoepli Editore S.p.A.
- VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.
- ZINGARELLI, Nicola (2011): *Lo Zingarelli 2012. Vocabolario della lingua italiana*. Bologna: Zanichelli.

6.2. Bibliografía secundaria

- BOBES, Carmen (2004): *La metáfora*. Madrid: Editorial Gredos.
- BUSTOS, Eduardo de (2000): *La metáfora. Ensayos transdisciplinarios*. Madrid: Fondo de Cultura Económica de España – Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- CORPAS PASTOR, Gloria (ed.) (2000a): *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Editorial Comares.
- (2000b): “Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología” en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Editorial Comares; 483-522.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij O. (2000): “La especificidad nacional y cultural en fraseología” en LUQUE DURÁN, Juan de Dios, PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones; 63-77.
- (2007): “Idiom semantics from a cognitive perspective” en PAMIES BERTRÁN, Antonio, LUQUE DURÁN, Juan de Dios (eds.): *Interculturalidad y lenguaje. El significado como corolario cultural*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones; 37-48.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij O. e PIIRAINEN, Elizabeth (2000): “Sobre los símbolos: aspectos cognitivos y culturales del lenguaje figurativo” en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones; 29-53.
- (2003): “Cognitive theory of metaphor and idiom semantics” en BURGER, Harald; HÄCKI BUHOFER, Annelies e GRÉCIANO, Gertrud (eds.): *Korpus, Statistik, Kookkurrenz. Lässt sich Idiomatisches ‘berechnen’? Flut von Texten – Vielfalt von Kulturen*. Baltmannsweiler: Schneider-Verl. Hohengehren; 7-35.
- (2005): *Figurative Language: Cross-Cultural and Cross-Linguistic Perspectives*. Amsterdam: Elsevier.

- IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones.
- LAKOFF, George e JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors we live by*. Chicago: The University of Chicago Press.
- (1989): *More than Cool Reason. A field Guide to Poetic Metaphor*. Chicago: the University of Chicago Press.
- LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2001): *Fraseología contrastiva del alemán y del español*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- LÓPEZ ROIG, Cecilia (2002): *Aspectos de fraseología contrastiva (alemán-español) en el sistema y en el texto*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- LOTMAN, Yuri e Escuela de Tartu (1979). *Semiótica de la cultura*. Madrid: Cátedra.
- LUQUE DURÁN, Juan De Dios (2001): *Aspectos universales y particulares del léxico de las lenguas del mundo*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones.
- MELLADO BLANCO, Carmen (1999): “La relevancia de la metáfora en el proceso de formación de fraseologismos alemanes y españoles: las metáforas locales” en *Paremia* 8, 1999; 333-338.
- (2005): “Convergencias idiomáticas en alemán y español desde una perspectiva cognitivista” en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones y fraseología*. Granada: Granada Lingvistica; 73-95.
- (2007): “La Biblia como fuente de idiomática en alemán y español” en PAMIES BERTRÁN, Antonio e LUQUE DURÁN, Juan de Dios (eds.): *Interculturalidad y lenguaje. El significado como corolario cultural*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones; 99-108.
- NAVARRO, Carmen (2008): *Aspectos de fraseología contrastiva*. Verona: Fiorini Editore.
- PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): “Modelos icónicos y archimetáforas: algunos problemas metalingüísticos en el ámbito de la fraseología” en *Language Design*, 4; 9-20. [http://elies.rediris.es/Language_Design/LD4/pamies.pdf].
- (2007): “El lenguaje de la lechuga: apuntes para un diccionario intercultural” en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural*. Granada: Granada Lingvistica / Método, vol. 1; 375-404.
- (2008): “Productividad fraseológica y competencia metafórica (inter)cultural” en *Paremia*, 17, 2008; 41-58.
- (2012): “Zoo-symbolism and metaphoric competence” en SZERSZUNOWICZ, J. e YAGI, K. (eds.): *Focal Issues on Phraseological Studies*. Bialystok: University of Bialystok (Poland) e Kwansei Gakuin University, Osaka; 291-314.
- PAMIES BERTRÁN, Antonio e LUQUE DURÁN, Juan de Dios (eds.) (2007): *Interculturalidad y lenguaje. El significado como corolario cultural*. Granada: Granada Lingvistica.

- PAMIES BERTRÁN, Antonio, LUQUE-NADAL, Lucía e PAZOS, José Manuel (eds.) (2011): *Multi-lingual Phraseography*. Baltmannsweiler: Schneider Hohengehren.
- PAMIES BERTRÁN, Antonio e DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij O. (eds.) (2011): *Linguo-cultural competence and phraseological motivation*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren.
- QUIROGA, Paula (2006): *Fraseología italo-española: aspectos de lingüística aplicada y contrastiva*. Granada: Granada Lingvistica / Método Ediciones.